

montes que a neve eternamente crube,
ermos que nunca acaban.

I ó amañecer do día,
cando ca última estrela aqueles marchan,
outros veñen más tristes e sañudos,
pois a verdade amarga
escrita tran nos apagados ollos
e nas asienes calvas.

Non digás nunca, os mozos, que perdeches
a risoña esperanza.
Do que a vivir comesa sempre é amiga:
só enemiga mortal de quen acaba...!

(De *Follas novas*)

Silencio!

A man nerviosa e palpitante o seo,
as niebras nos meus ollos condensadas;
con un mundo de dudas nos sentidos
i un mundo de tormentos nas entrañas;
sentindo como loitan,
en sin igual batalla,
inmortales deseios que atormentan
e rencores que matan.
Mollo na propia sangre a dura pruma
rompendo a vena inchada
i escribo..., escribo..., para que? Volvede
ó máis fondo da ialma
tempestosas imaxes!
Ide a morar cas mortas relembranzas.
Que a man tembrosa no papel só escriba
palabras, e palabras, e palabras!
Da idea a forma inmaculada e pura
donde quedou velada?

(De *Follas novas*)